

ACTA NÚM. 10/2019.

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 31 DE XULLO DE 2019.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 31 de xullo de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA.(PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:

PABLO LAGO SANMARTÍN.

MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.

CARLOS NOYA PEREIRA.

MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.

JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS.

YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN.

SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.

-. PP:

MARÍA FARIÑA BELLÓN.

WALDO CARBALLO GARCÍA.

NATALIA FARIÑA GARCÍA.

-. BNG:

FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.

NON ASISTEN:

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello Beatriz López de Castro García.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 27 DE XUÑO DE 2019.

2º) DACIÓN DE CONTA DA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE BRIÓN.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O POS + ADICIONAL 1/2019 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.

6º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2019.

7º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2019.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 27 DE XUÑO DE 2019.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión núm. 9/2019, do 27 de xuño de 2019.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros acorda aprobala.

2º) DACIÓN DE CONTA DA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

Logo das designacións realizadas polos portavoces dos grupos municipais do PP e BNG, as Comisións Informativas Permanentes do Concello quedan compostas do seguinte xeito:

1-. Comisión Informativa Especial de Contas, por un total de 6 membros: - 4 representantes do grupo municipal do PSG-PSOE:

Presidente: José Luis García García.

Membros titulares: José Luis Sampedro Bouzas, Pablo Lago Sanmartín e María Guarina Rey Vázquez.

Membros suplentes: Sandy Marie Cebral Gómez e Carlos Noya Pereira.

- 1 representante do grupo municipal do PP:

Titular: Natalia Fariña García.

Suplente: María Fariña Bellón.

- 1 representante do grupo municipal do BNG:

Titular: Xosé Luis Penas Corral.

Suplente: Frutuoso Souto Castiñeira.

2-. Comisión Informativa de Servizos, por un total de 6 membros: - 4 representantes do grupo municipal do PSG-PSOE:

Presidente: José Luis García García.

Membros titulares: José Luis Sampedro Bouzas, María Guarina Rey Vázquez e Carlos Noya Pereira.

Membros suplentes: Sandy Marie Cebral Gómez e Pablo Lago Sanmartín.

- 1 representante do grupo municipal do PP:

Titular: Natalia Fariña García.

Suplente: María Fariña Bellón.

- 1 representante do grupo municipal do BNG:

Titular: Frutuoso Souto Castiñeira.

Suplente: Xosé Luis Penas Corral.

O Pleno queda enterado.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE BRIÓN.

Dada conta da proposta da alcaldía do 24.07.2019, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos, en sesión do 30.07.2019, que transcrita di:

ANTECEDENTES.

1º) En data 01.06.2016 o Concello de Brión formalizou coa empresa Galivalia Consulstgo SL un contrato de servizos en materia de recursos humanos do Concello, entre cuxos obxectos se encontra a elaboración da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Brión, iniciándose os traballos a continuación.

2º) A proposta de RPT elaborada foi negociada cos representantes das organizacións sindicais e dos empregados públicos municipais na Mesa Xeral de Negociación.

3º) A secretaría e a intervención municipais informaron de forma conxunta a proposta de RPT en data 8 de xuño de 2018.

A continuación, na sesión do 20.06.2018 o Pleno da Corporación aprobou inicialmente a RPT e dispuxo a apertura dun trámite de información pública por prazo de 20 días hábiles para a presentación de reclamacións, alegacións ou suxestións polos interesados, a contar desde a publicación do correspondente anuncio no BOP.

4º) O anuncio de información pública publicouse no BOP núm. 120, do 26.06.2018, presentándose durante o prazo establecido trece escritos de alegacións formuladas por empregados públicos.

5º) En data 06.05.2019 o equipo redactor da RPT emitiu informe relativo ás trece alegacións presentadas con proposta de resolución. Así mesmo, indicou a existencia de erros no documento da RPT aprobado inicialmente cuxa corrección se propón.

6º) En data 16.05.2019 a Mesa Xeral de Negociación por unanimidade logo de ter coñecemento do informe das alegacións feito por parte do equipo redactor, acorda que se proceda a convocar o Pleno co obxecto de aprobar de forma definitiva a RPT á maior brevidade posible.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

1º) A RPT é o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos, e se precisan os requisitos para desempeñar cada un dos postos. Ese instrumento de ordenación dos recursos humanos ten, segundo a xurisprudencia (sentenzas do TS do 28.11.1994 e 25.04.1995) carácter normativo ou regulamentario.

2º) As RPT ou instrumentos organizativos similares comprenderán, polo menos, a denominación dos postos de traballo, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, aos que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias (art. 74 do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (en adiante TREBEP), art. 38 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia (en adiante LEPG), e art. 90.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en adiante LBRL).

3º) A RPT foi negociada na Mesa Xeral de Negociación, nos termos previstos nos artigos 34 e 37.2.c) do TREBEP, e aprobada por unanimidade na sesión dese órgano negociador con data 16.05.2019.

4º) O procedemento de aprobación das RPT réxese polo establecido nos arts. 127 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e 22.2.i) da LBRL e, en Galicia, tamén polo previsto no art. 202 da LEPG. Este último precepto dispón que, para o caso de formularse alegacións, o Pleno da Corporación deberá resolvelas e aprobar definitivamente a RPT.

Á vista das alegacións formuladas, estímase conveniente resolvelas no senso indicado no informe de data 06.05.2019 emitido pola empresa redactora da RPT.

Por outra banda o art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas habilita ás administracións públicas para rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais ou de feito existentes nos seus actos, polo que se xulga conveniente rectificar aqueles erros postos de manifesto pola redactora da RPT no seu informe de 06.05.2019, no senso que nel se indica.

5º) O Pleno da Corporación é o órgano competente para a aprobación da RPT segundo o art. 22.2.i) da LBRL.

Logo de aprobada definitivamente, a RPT publicarase no Boletín Oficial da Provincia e remitirase copia aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de 30 días.

Visto canto antecede, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Resolver as alegacións formuladas durante o trámite de información pública de acordo co indicado no informe de data 06.05.2019 emitido pola redactora da RPT, cuxo contido se incorpora como fundamentación a este acordo:

a) Alegacións que se estiman total ou parcialmente:

- María del Pilar Martínez Vaqueiro.
- María Dolores Campos Lueiro.
- Julio Mallo Nieto.
- José Manuel Trigo Romero.
- Francisco Javier Vidal Lorenzo.
- Alberto Álvarez Escudero.

b) Alegacións que se desestiman:

- Eva María Vidal Caamaño
- Marcos Delgado García.
- Alejandro Trasbach Somoza.
- Juan José Santomil Vieites.
- Albano Mesías Hombre.
- Brais Mayo Giraut.
- Armando Patiño Nimo.

2º) Rectificar os erros materiais advertidos no documento da RPT aprobado inicialmente, nos termos propostos no informe emitido pola redactora da RPT o 06.05.2019.

3º) Aprobar definitivamente a Relación de Postos de Traballo do Concello de Brión, con todos os documentos que a integran, incluíndo as modificacións que derivan da estimación das alegacións formuladas e das demais correccións acordadas.

4º) Aprobar as seguintes regras para a implantación efectiva da RPT: Os incrementos das retribucións anuais dos postos de traballo que as experimenten por aplicación da RPT faranse efectivas, para todos eles, a partir do día 1 de xaneiro de 2020.

5º) Publicar este acordo e a Relación de Postos de Traballo do Concello de Brión no Boletín Oficial da Provincia e dar conta aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia e remitirlle copia da Relación de Postos de Traballo aprobada no prazo de 30 días.

Debate:

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que para xustificar a nosa abstención temos que dicir que valoramos positivamente a RPT, pero pensamos que se podía ter negociado máis cos traballadores e ao mellor ter en consideración algunha das alegacións presentadas.

O Sr. Alcalde sinala que é un tema moi importante para o Concello e para os traballadores, posto que é un documento esencial e supón melloras nas condicións de traballo dos empregados públicos. Engade que foi aprobada inicialmente en xuño de 2018 logo dun longo proceso de negociación, e non obstante presentáronse trece alegacións que foron informadas polo equipo redactor para que o Pleno decida, e foi sometida a proposta da RPT novamente a negociación con data 16.05.2019 e informada favorablemente pola Mesa de Negociación, non había posibilidade de máis negociación, e falouse con todos os sindicatos e representantes dos traballadores.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e PP (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 1, pertencente ao grupo municipal do BNG (1).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O POS + ADICIONAL 1/2019 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL.

Dada conta da proposta da alcaldía do 17.07.2019, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos, en sesión do 30.07.2019, que transcrita di:

Vista a circular sobre a elaboración do POS + Adicional 1/2019 por maior achega provincial, remitida pola Deputación de data 30.04.2019.

Resultando que o concello xa participou na 1ª fase deste Plan para a execución do proxecto aprobado polo Pleno do 19.12.2018 denominado: Proxecto de mantemento e mellora das aldeas de Mato e Busto de Frades e de camiños en Vilar e Ons, cun orzamento total de: 146.173,53 euros, estando pendente de solicitar á Deputación a cantidade de:240.449,44 euros para a execución deste plan dotado coa cantidade de:386.622,97 euros, propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
2ª Fase POS+ Adicional 1/2019			
Proxecto de mellora da seguridade viaria na travesía de Bastavaliños	240.449,44	66.286,03	306.735,47
TOTAL	240.449,44	66.286,03	306.735,47

Maior achega provincial asignada ao concello	386.622,97
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	146.173,53
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	240.449,44

2º) Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3º) Declarar que o concello se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4º) Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

6º) Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7º) Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que se trata dunha obra de mellora da seguridade viaria na estrada que vai de San Salvador a Coruxido, unha actuación importante.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que gustaríalle que o Concello tivese un plan xeral en materia de seguridade viaria das vías do Concello, nós proporemos proximamente algunhas actuacións, nos gustaría que se fixera ese estudio con participación veciñal para ir priorizando.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.

Dada conta da proposta da alcaldía do 24. 07.2019, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), en sesión do 30.07.2019, que transcrita di:

Visto o expediente tramitado de modificación de créditos núm. 13/2019, correspondente a un suplemento de crédito financiado con remanente líquido de tesourería, por importe de: 50.796,04 €, que resulta necesario aprobar para poder licitar a actuación do: Proxecto de renovación do alumado público e mellora da eficiencia enerxética en varias zonas urbanas do Concello de Brión, subvencionado polo IDAE coa cantidade de: 203.184,16 €, ao abeiro do Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020 (BOE nº 144, do 17 de xuño de 2017), modificado polo Real Decreto 1516/2018, do 28 de decembro (BOE nº 314, do 29 de decembro de 2018), e visto o informe de Intervención, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 13/2019, baixo a modalidade de suplemento de crédito, de acordo co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

Aplicación orzamentaria		Consignación antes do expediente	Aumento que se propón	Consignación resultante
			Suplemento de crédito	
165-61900	Outras inversións de reposición infraestruturas	255.777,10	50.796,04	306.573,14

TOTAL AUMENTO CAPÍTULO 6 GASTOS	50.796,04
TOTAL	50.796,04

ESTADO DE INGRESOS

Aplicación orzamentaria	Consignación inicial tras la modificación 2/2019	Aumento que se propón coa actual modificación	Consignación resultante
870-00	624.462,35	50.796,04	675.258,39

TOTAL AUMENTO CAPÍTULO 8 INGRESOS	50.796,04
TOTAL	50.796,04

2º) Aprobar a modificación do anexo de investimentos do orzamento de 2019, incorporando as alteracións que resultan desta modificación de créditos.

3º) Expoñer ao público o expediente mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia por prazo de quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O presente expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se formularan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

6º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓN DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2019.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación da estabilidade e da regra do gasto correspondente ao 2º trimestre de 2019, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

7º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2019.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda referente á situación de morosidade e do cálculo do período medio de pago correspondente ao 2º trimestre de 2019, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e vinte e oito minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González